

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 18.09.2019

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 53154 (10/POC-008284)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos obxectivos acadados coa subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e dos equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinada a concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, nos últimos tres anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.2 53458 (10/POC-008377)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis
Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia do expediente xudicial electrónico e a centralización da información xudicial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.3 54473 (10/POC-008602)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos sobrecostos das obras de reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 40544 (10/PNC-003275)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis
Sobre o remate polo Goberno galego na X lexislatura, e coa consignación orzamentaria necesaria para os anos 2019 e 2020, de diversas actuacións relacionadas coa cidade de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

- 2.2 46748 (10/PNC-003763)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da evolución da adicción ao xogo en Galicia, en particular na mocidade, así como a elaboración en colaboración co Goberno central dunha estratexia política para a súa prevención e o seu tratamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019
- 2.3 52563 (10/PNC-004192)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia relacionadas coa prohibición da publicidade do xogo en liña e do xogo presencial de competencia autonómica dos establecementos de xogo da comunidade autónoma na Radio e na Televisión de Galicia, independentemente do horario ou da programación de que se trate
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 508, do 19.07.2019
- 2.4 53226 (10/PNC-004233)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula
Sobre a demanda ao Ministerio de Xustiza en relación co aumento de recursos humanos e materiais para a Oficina Fiscal en Galicia, co obxectivo de converxer coa media recomendada polo Consello de Europa, e a creación dunha fiscalía contra a corrupción e a criminalidade organizada en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 2.5 54147 (10/PNC-004318)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a publicación da listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa católica e o estudo das vías legais para a súa nulidade, así como para crear unha oficina de asesoramento ás entidades reclamantes e promover a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público en territorio galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

José Manuel Rey Varela

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Beatriz Mato Otero	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
María Teresa Porritt Lueiro	S
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	GCE
Luis Villares Naveira	M

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 53154(10/POC-008284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos obxectivos acadados coa subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e dos equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinada a concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, nos últimos tres anos

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 12:15:42
Nº Rexistro: 53154
Data envío: 01/08/2019 12:15:42.309

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porrit Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No Diario Oficial de Galicia do 31 de decembro de 2018, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Orde do 18 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida.

O crédito consignado nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 para esta subvención é de 2.999.999,00 € e a axuda económica poderá financiar ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, cun máximo de 40.000 € para as solicitudes individuais e 50.000 € para as solicitudes conxuntas ou as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión.

No artigo 1 das bases reguladoras establécese que o obxecto desta subvención é para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais que se indican:

- a) Instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública.
- b) Pavimentación de camiños públicos municipais.
- c) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de parques públicos e parques infantís.
- d) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias.
- e) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións”.

CSM-REXISTROXERAL-2019-08-01-53154
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 12:15:42
Nº Rexistro: 53154
Data envío: 01/08/2019 12:15:42.309

E no artigo 11 establécense os criterios de avaliación, podéndose acadar ata un máximo de 100 puntos, que son os seguintes:

“1. Co fin de fomentar a realización de proxectos conxuntos, incentivaranse as solicitudes presentadas por agrupacións ou asociacións de concellos para a realización dun proxecto común, reservándose 30 puntos da puntuación total. Para a valoración deste criterio teranse en conta:

- a) Pola presentación dunha solicitude conxunta asignaranse 15 puntos.
- b) A repercusión do orzamento do proxecto con respecto aos orzamentos municipais puntuarase ata 5 puntos, considerando a porcentaxe que o orzamento do proxecto representa con relación á suma dos créditos iniciais dos capítulos de gasto de capital (capítulos V a IX) dos orzamentos vixentes en 2017 en cada un dos concellos participantes.
- c) A valoración dos aforros obtidos puntuarase ata 10 puntos considerando a ratio de aforros obtidos co proxecto conxunto respecto do custo total por execución individual.

No caso de presentar solicitude unha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, outorgaranse os 30 puntos previstos nesta alínea 1 pola simple presentación da solicitude.

2. A necesidade das actuacións para as cales se solicita a subvención, con base no contido da memoria presentada por cada entidade solicitante, puntuarase ata 40 puntos.

3. A valoración do esforzo fiscal do concello ou concellos en atención á contribución media por habitante ao orzamento liquidado de 2017 calcularase dividindo os dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III) entre o número de habitantes e asignaráselle un máximo de 15 puntos.

4. Por acreditar unha boa xestión, ata 10 puntos. A valoración deste criterio realizarase sobre a base dun informe emitido pola intervención da entidade solicitante no cal se fagan constar os seguintes datos:

- a) Que a entidade local rendeu as contas do exercicio 2017 dentro do prazo legalmente establecido: 2 puntos.
- b) Que a entidade local cumpriu coa estabilidade orzamentaria no exercicio 2017: 4 puntos.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 12:15:42
Nº Rexistro: 53154
Data envío: 01/08/2019 12:15:42.309

c) Que a entidade local aprobou no prazo legalmente establecido o orzamento 2017 e non o prorrogou: 4 puntos. No caso das asociacións ou agrupacións de concellos as puntuacións asignaranse baseándose nos informes emitidos polas respectivas intervencións municipais e só se puntuarán aqueles datos acreditados por todos os concellos que integran a solicitude.

5. Pola porcentaxe de paro rexistrada, considerando o número total de persoas en situación de desemprego do concello ou concellos participantes en relación co total da poboación, asignaranse ata 5 puntos.”

Para a asignación de puntuacións naqueles criterios que incorporan referencias a datos de poboación, utilizaranse as cifras oficiais do padrón municipal de habitantes en 1 de xaneiro de 2017, publicadas polo Instituto Galego de Estatística”.

Á vista destes datos as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos obxectivos acadados con esta subvención nos últimos 3 anos?

2ª) Considera o Goberno galego que a dotación orzamentaria para esta subvención nos últimos tres anos é suficiente para que os concellos de menos de 30.000 habitantes poidan crear e/ou mellorar infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais?

3ª) Cantos concellos e cales se teñen beneficiado con estas subvencións nos últimos tres anos?

4ª) Ten realizado o Goberno galego algún estudo que demostre que a solicitude conxunta incide na “mellora das condicións de vida das persoas residentes nas áreas rurais a través da mellora das dotacións existentes de infraestruturas básicas e do fomento da implantación e a reforma dos servizos básicos demandados pola poboación rural, proporcionándolle aqueles que cubran as súas principais necesidades, facilitando a implantación de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación, e procurando satisfacer as novas necesidades dos habitantes e das empresas das áreas rurais” tal e como se establece na exposición de motivos da dita orde de subvencións.

5ª) Cales son os obxectivos perseguidos para que os dous concellos fusionados que hai en Galicia, Oza-Pontecesures o Cerdedo-Cotobade, reciban 30 puntos de 100 só por presentar a solicitude de subvencións?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 12:15:42
Nº Registro: 53154
Data envío: 01/08/2019 12:15:42.309

6ª) Obtiveron os concellos de Oza-Pontecesures e Cerdedo-Cotobade subvencións nas convocatorias dos últimos tres anos?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2019 11:29:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/08/2019 11:30:05

María Teresa Porritt Lueiro na data 01/08/2019 11:30:20



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 53458(10/POC-008377)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia do expediente xudicial electrónico e a centralización da información xudicial

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019

Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Jose Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia vén demostrando nos últimos anos un claro compromiso co noso sistema xudicial, e mesmo nos anos en que a recesión económica reduciu de forma moi apreciable os recursos da nosa comunidade, os orzamentos neste eido, foron manténdose ou mesmo incrementándose cada ano.

Ese compromiso vense apreciando no impulso á modernización tecnolóxica que nos últimos anos se está producindo na actividade cotiá dos xulgados galegos.

A implantación de novas tecnoloxías e solucións informáticas, como as que permiten centralizar a información xudicial, a implantación da firma dixital, ou as comunicacións telemáticas entre os operadores xudiciais, dan conta, entre outras moitas innovacións, do avance cara a plena implantación do expediente xudicial electrónico e da importante transformación e modernización que se está a producir no noso sistema xudicial.

Entre eses elementos, destaca o visor do expediente xudicial, que permite o acceso á información dos expedientes xudiciais electrónicos, proporcionando unha maior axilidade e eficiencia, ademais de garantía de seguridade. O visor, amósase como unha ferramenta fundamental, que evita o traslado físico da documentación, na implantación do expediente xudicial electrónico.

En particular, no programa electoral co que o PPdeG obtivo a confianza maioritaria dos galegos o pasado setembro de 2016 esta aposta sobre as novas tecnoloxías na xustiza concretábase con compromisos específicos: “A posta en marcha do expediente xudicial electrónico, regulado na Lei 18/2011 do uso das TICs na Administración de xustiza, dixitalizando en consecuencia todo o proceso xudicial e permitindo a tramitación completa dun procedemento por medios telemáticos” e “o proceso de centralización da información xudicial”.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas orais en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:11:42
Nº Registro: 53458
Data envío: 06/08/2019 11:11:42.082

- Que avances ten efectuado a Xunta de Galicia en torno á posta en marcha do expediente xudicial electrónico e á centralización da información xudicial?

-En cantos xulgados está xa implantado o visor do expediente xudicial que permite a consulta interna dos expedientes contidos dixitalmente desde dispositivos electrónicos?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 06/08/2019 11:02:15

Paula Prado Del Río na data 06/08/2019 11:02:29

Jacobo Moreira Ferro na data 06/08/2019 11:03:05

María Isabel Novo Fariña na data 06/08/2019 11:03:20

José Manuel Rey Varela na data 06/08/2019 11:03:29

Alberto Pazos Couñago na data 06/08/2019 11:04:09

Beatriz Mato Otero na data 06/08/2019 11:04:21

Diego Calvo Pouso na data 06/08/2019 11:04:39



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 54473(10/POC-008602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos
sobrecustos das obras de reforma do antigo Hospital Xeral de
Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:08:57
Nº Rexistro: 54473
Data envío: 29/08/2019 13:08:57.023

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Xunta de Galiza está a levar a cabo a obra de rehabilitación do antigo Hospital Xeral para convertelo no edificio da Cidade da Xustiza. A obra foi adxudicada en febreiro de 2018 a Construtora San José con un prezo de adxudicación de 27,2 millóns de euros e un prazo de execución de 21 meses.

O DOG do 17 de agosto de 2017 publicou a adxudicación do “contrato correspondente á realización de diversos estudos e informes do complexo do antigo Hospital Xeral de Vigo para dedicalo a Cidade da Xustiza”. O contrato foi adxudicado á empresa Euroconsult, con un prezo de adxudicación de 105.996 euros, e incluía entre outros o “Estudo da estrutura e envolventes”.

A realidade da execución desta é que tivo que ser modificado o proxecto inicial polo que a Xunta de Galiza calificou como “contratempos” e que van supor un sobrecusto duns 11 millóns de euros.

O primeiro destes “contratempos” produciuse na fase previa de demolición de partes do edificio, xa que a aparición de amianto obrigou á súa retirada con un sobrecusto estimado de 800.000 euros, a engadir aos 2,23 millóns de euros do custo desta primeira fase.

CSM-REXISTROXERAL/2019/54473
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/08/2019 13:08:57

Nº Registro: 54473

Data envío: 29/08/2019 13:08:57.023

A comezos de 2019 produciuse un segundo “contratempo”, neste caso derivado do mal estado das estruturas dos edificios anexos á torre do antigo Xeral (“estruturas metálicas deficientes e forxados sen capa de compresión”, en palabras do arquitecto director das obras, Alfonso Penela). Neste caso, a modificación do proxecto ten un custo estimado de 10 millóns de euros.

Semella evidente que este escandaloso incremento do custo das obras non é casual nin produto dunha situación sobrevida. Se se encargaron estudos e informes, entre eles o da estrutura e envolventes, parece obvio que neles tiveron que advertirse as deficiencias que obrigaron a unha modificación substancial do proxecto e a un incremento do custo das obras de máis do 30%.

So caben dúas opcións: ou os informes de Euroconsult, que tiveron un custo de 105.000 euros, non advertiron destas deficiencias, ou si o fixeron e non foron tidos en conta na redacción do proxecto. Calquera das dúas alternativas é moi grave e debe ser obxecto de responsabilidades.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que valoración fai o goberno galego dos sobrecostos de máis de 10 millóns de euros nas obras de reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza?
2. Tiña coñecemento a Xunta de Galiza, previa a adxudicación das obras á Construtora San José, das deficiencias estruturais e construtivas que provocaron a modificación do proxecto e o incremento do custo en 10 millóns de euros?

CSX4 REGISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:08:57
Nº Rexistro: 54473
Data envío: 29/08/2019 13:08:57.023

3. Cal foi a valoración destes aspectos polos técnicos da consellería (especialmente os contidos no apartado 3.3.1 e subapartados, do prego de prescricións técnicas), incluíndo a situación das estruturas e envolventes, nos á vista dos informes e estudos encargados a Euroconsult en agosto de 2017, cun prezo de licitación de 105.000 euros?

4. Que avaliación fai a Xunta de Galiza do estudo realizado por Euroconsult e considera necesario dirimir responsabilidades polo sobrecoste producido?

5. Tivo coñecemento o arquitecto autor do proxecto dos estudos e informes realizados por Euroconsult?

6. Cal vai ser o custo final das obras de rehabilitación do edificio do Hospital Xeral e do seu acondicionamento como edificio xudicial?

7. En que prazo estima o goberno galego que estará rematado o edificio?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSX4:REXISTROYK2WEV2d07
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:08:57
Nº Registro: 54473
Data envío: 29/08/2019 13:08:57.023

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2019 13:06:11

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2019 13:06:18

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2019 13:06:25

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2019 13:06:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2019 13:06:41

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 13:06:49

CSV: FEYJSTROYK2WEY2d07
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 40544(10/PNC-003275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre o remate polo Goberno galego na X lexislatura, e coa
consignación orzamentaria necesaria para os anos 2019 e 2020,
de diversas actuacións relacionadas coa cidade de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O pasado mes de outubro, o alcalde de Pontevedra e o presidente da Xunta de Galicia tiñan unha xuntanza en Santiago de Compostela. Dende o Concello dixeron que levaran preparada unha listaxe de 16 asuntos a tratar para que a xuntanza, dixeron, fose o máis operativa posible. Entre eses asuntos, a Residencia da Terceira Idade, a variante de Alba, a estación intermodal, o Hospital Gran Montecelo, o transporte metropolitano e urbana, a EDAR de Os Praceres, o pavillón de A Parda, a reforma do edificio de Benito Corbal, o novo edificio xudicial, a reforma da ponte de A Barca ou a dragaxe da ría. É dicir, reclamacións que a cidade necesita dende hai décadas e polas que ningunha das administracións se ten preocupado.

O Goberno galego non se ten preocupado pola Política Social da cidade: nin do Punto de Encontro Familiar, nin da sala do Xulgado para que as vítimas de violencia machista estean nas mínimas condicións de intimidade e benestar, nin das mellores condicións na “Residencia de Maiores de Campolongo” ou no centro de menores “Avelino Montero”, nin das equipas definitivas de Valoración da Discapacidade, nin de nada máis que un proxecto *power point* dun Gran Montecelo virtual, nin da reforma do Hospital Provincial. E que dicir das infraestruturas? Xa non é crible que nos prometan unha estación intermodal entre as estacións de trens e autobuses para a cidade cando só hai un debuxo. E Pontevedra fóra do transporte metropolitano. E Pontevedra sen proxecto para a rexeneración da ría e a dragaxe do seu fondo cando así é imprescindible medioambiental, marisqueira, pesqueira e deportivamente. E Pontevedra cun edificio xudicial que agarda a súa ampliación dende hai case unha década. E Pontevedra cun Pazo de Lourizán que se desfai pouco a pouco mentres o Goberno mira cara a outro lado.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40544
Data envío: 20/11/2018 12:45:26.853

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rematar, antes do fin desta lexislatura e con dotación orzamentaria suficiente nos orzamentos para 2019 e 2020, as seguintes actuacións con relación á cidade de Pontevedra:

1. A chamada variante de Alba.
2. Unha estación intermodal que una as actuais de autobuses e de tren, desbotando a solución dun “paso a nivel” entre ambas e salvando a rúa de dobre sentido e o semáforo que existen na actualidade.
3. Un pavillón para o barrio de A Parda.
4. Un plan de transporte metropolitano e urbano para a cidade.
5. Unha nova residencia da terceira idade totalmente pública, en canto á súa construción e xestión.
6. A rexeneración da ría de Pontevedra (incluídas a EDAR de Os Praceres e a dragaxe do fondo da ría).
7. A solución dos problemas no Punto de Encontro Familiar, cambiando a súa situación e incrementando o persoal ao seu servizo.
8. A mellora das condicións arquitectónicas, das persoas usuarias e do cadro de persoal da “Residencia de Maiores de Campolongo” e do centro de menores “Avelino Montero”.
9. A reforma do Hospital Provincial para mellorar a asistencia sanitaria na área de Pontevedra, dedicando o seu espazo actual a usos sanitarios non hospitalarios.
10. A creación de, a lo menos, dúas equipas definitivas de Valoración da Discapacidade e o acondicionamento do local no que se sitúan (edificio de Sanidade).



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40544
Data envío: 20/11/2018 12:45:26.853

11. O cumprimento das obrigas ás que se comprometeu o Goberno galego no convenio firmado coa Deputación de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 - posteriormente ratificado no ano 2000- e relativas á conservación do Pazo de Lourizán, tal e como se indica na memoria elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:23:16

María Luisa Pierres López na data 20/11/2018 12:23:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/11/2018 12:23:26

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/11/2018 12:23:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2018 12:23:35

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 12:23:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 12:45
Nº Rexistro: 40544
Data envío: 20/11/2018 12:45:26.853

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 12:23:43

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 46748(10/PNC-003763)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da evolución da adicción ao xogo en Galicia, en particular na mocidade, así como a elaboración en colaboración co Goberno central dunha estratexia política para a súa prevención e o seu tratamento

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46748
Data envío: 22/02/2019 14:27:59.247



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo, Eva Solla Fernández e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª**.

Exposición de motivos

Na introdución do documento da *Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024* (ENA) afirmase que dito informe “configurase como un documento participativo e de consenso, acordado entre tódalas Administracións Públicas, as organizacións non gobernamentais do sector, as sociedades científicas, os centros de investigación, e todas aquelas instancias públicas e privadas que forma parte do Plan Nacional sobre Drogas”. “O resultado é un documento de consenso entre numerosas partes interesadas que se ofrece como o marco de actuación para o desenvolvemento das políticas sobre adiccións que se levan a cabo nos ámbitos do conxunto do Estado español, das Administracións Autonómicas e das entidades locais, e que serve de referencia, así mesmo, para as actividades desenvolvidas polas entidades sociais”. Desta maneira, faise explícito que a ENA non atinxe unicamente ao Goberno central, senón que os gobernos autonómicos – e, entre eles, a Xunta de Galicia– teñen a obriga de asumila, executala e avaliala coa finalidade de alcanzar os seus obxectivos.

Porén, é patente que nin o Goberno do Estado nin a Xunta de Galicia están tomando en serio os riscos que supón o xogo e non están adoptando as medidas oportunas para atallalos. Isto non está sucedendo, en gran medida, porque se confía no propio auto-control dos operadores de xogo. Non fai falla subliñar que, tendo en conta o lucrativa que é a industria do azar para as empresas do sector, a





confianza na súa medida é, no mellor dos casos, inxenua. No peor, é cómplice dunha mala praxe que condena á miseria a miles de familias.

O volume do negocio das apostas é de auténtica vertixe. Segundo un informe elaborado pola Universidade Carlos III de Madrid e Codere –unha empresa multinacional española do sector do xogo privado–, os españois xogaron 9.408 millóns de euros de xogo real (cantidade xogada menos os premios) en 2017, encadeando tres anos consecutivos de crecemento e medrando un 8% respecto ao 2015. En particular, o negocio das apostas deportivas –un dos que máis creceu dentro do sector nos últimos anos–, leva medrando a un ritmo regular do 20% anual dende o 2012, aínda que no ano 2016-2017 creceu “tan so” o 17,4%. As apostas deportivas pasaron, deste xeito, de mover 304,3 millóns de euros de xogo real en 2012 a 742 millóns de euros en 2017. A cifra multiplicouse por case 2,5 en seis anos. 305 millóns foron xogados en apostas online, 330 millóns en apostas presenciais, 100 millóns na Quiniela e o Quinigol de SELAE, e 7 millóns nas apostas dos hipódromos.

Ninguén pode pensar que unha industria en constante crecemento que move semellante cantidade de cartos vai auto-controlarse pola mera razón de que os gobernos apelen á súa boa vontade. Son precisas medidas concretas e contundentes que permitan prever e tratar a adicción ao xogo.

Dada a súa particular vulnerabilidade, as políticas reguladoras do xogo terían que ter moi en conta á mocidade. Nun artigo sobre a frecuencia de xogo en menores de idade, Mariano Chóliz e Juan Lamas advirten de que o “feito de que os menores de idade poidan xogar sen dificultade a este tipo de xogos é especialmente preocupante no que atinxe á adicción, por varios motivos. En primeiro lugar porque máquinas tragaperras e xogo online son xogos potencialmente máis adictivos. (...). Por outro lado, a adolescencia é un período





de especial vulnerabilidade para calquera tipo de adicción, debido a que aínda non se completou o desenvolvemento neurolóxico dos centros cerebrais que rexen as funcións executivas (planificación, valoración de consecuencias dos actos, etc.), que son as que protexen de eventuais problemas aditivos. (...). En terceiro lugar, as novas modalidades de xogo presentan un especial atractivo para os adolescentes, xa que poden demostrar a súa pericia en acertar apostas sobre temas, como o deporte, sobre os que se creen entendidos, inducendo sesgos de pericia (“sesgo do experto”), que son singularmente perigosos para o fomento e o mantemento da adicción. (...). Finalmente, tanto a publicidade como as estratexias de marketing das empresas do sector puxeron o seu foco de atención nos mozos como un interesante nicho de mercado, feito que se pode constatar coa análise dos anuncios publicitarios e promocións de xogo, que están especialmente dirixidas á poboación xuvenil”.

Da mesma cuestión advírtese tamén na *Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024*: “A ampla oferta de (video) xogos e a publicidade intensa nos medios e espazos deportivos e estratexias de marketing agresivas, principalmente dedicada aos máis mozos, das apostas deportivas e xogos online e de aposta, contribuíron a un aumento no número de persoas con problemas de adicción ao xogo e a un cambio dos perfís dos xogadores, especialmente online (máis mozos, maior nivel de estudos e, sorprendentemente, maior número de mulleres mozas con problemas de xogo de aposta a través de internet)”.

Así, cómpre artellar unha estratexia política concreta para prever e tratar a adicción ao xogo na mocidade, algo que a Xunta de Galicia non está a facer, como demostra a actual dispoñibilidade e a accesibilidade dos xogos de azar.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46748
Data envío: 22/02/2019 14:27:59.247



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

- Facer unha enquisa anual que permita recoller datos acerca da evolución da adicción ao xogo na comunidade, prestando particular atención á adicción ao xogo na xente moza.
- Elaborar unha estratexia política, en colaboración co Goberno do Estado, que permita prever e tratar a adicción ao xogo na mocidade.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e vicevoceira do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 22/02/2019 14:26:24

Eva Solla Fernández na data 22/02/2019 14:26:32

CSX_Nº4_AugCov1
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 16:30:00
Nº Registro: 46748
Data envío: 22/02/2019 14:27:59.247



Carmen Santos Queiruga na data 22/02/2019 14:26:40

CSV: N054ug0w1
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 52563(10/PNC-004192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia relacionadas coa prohibición da publicidade do xogo en liña e do xogo presencial de competencia autonómica dos establecementos de xogo da comunidade autónoma na Radio e na Televisión de Galicia, independentemente do horario ou da programación de que se trate

Publicación da iniciativa, 508, 19.07.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 13:38:45
Nº Rexistro: 52563
Data envío: 12/07/2019 13:38:45.087

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Julia Rodríguez Barreira, José Manuel Rey Varela e Jackeline Elizabeth Fernández Macías**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xusticia e Interior**.

Exposición de motivos

A actual lei de Xogo de Galicia data de 1985 e foi ditada no marco do acordo Comunidade Autónoma-Estado, no que se concretan as competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase dunha manifestación máis do desenvolvemento da liberdade individual como consecuencia da eliminación da consideración do xogo como un delito, ao tratarse dunha conduta prohibida anteriormente no noso país.

O xogo debe ser obxecto dunha regulación exhaustiva e axeitada, tanto pola incidencia que pode ter na saúde coma pola fonte de ingresos que supón para o erario público. No sector das máquinas de xogo producíronse avances tecnolóxicos de gran importancia que xeraron novos produtos de xogo, o que obriga a realizar oportunos axustes na normativa existente ás necesidades tanto do sector empresarial como dos usuarios e usuarias.

Tamén proliferaron en Galicia nos últimos anos as máquinas de apostas en locais de hostalería, as tendas de apostas e os salóns de xogo. A aplicación práctica da normativa vixente evidencia carencias na mesma que dificultan en moitos casos a súa

CSM-REXISTROOENLBIKZSOS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

interpretación e requiren unha maior seguridade xurídica cara os operadores de xogo e a propia Administración.

O programa electoral co que a cidadanía galega deu en outubro de 2016 ao Partido Popular de Galicia a maioría parlamentaria que sustenta este goberno citaba expresamente entre os seus compromisos o seguinte: *“Elaboraremos unha nova Lei de Xogo de Galicia, adecuando a normativa galega de xogo á realidade actual do sector do xogo en España, de xeito que responda ás necesidades actuais e que sexa formulada co máximo grado de consenso co sector para posibilitar un axeitado desenvolvemento desta actividade, respectando os dereitos que puideran verse afectados pola mesma, en particular os dos grupos máis vulnerables (infancia e xuventude)”*.

Un compromiso que o goberno do Partido Popular está cumprindo, e actualmente a Lei 14/1985, do 23 de outubro, está en proceso de actualización e reforma e xa está aprobado en Consello da Xunta un Anteproxecto da Lei reguladora dos xogos de Galicia. Un texto legal que xurde tras diferentes contactos e reunións previas cos distintos sectores para coñecer as súas demandas e intereses.

No marco da nova normativa resulta imprescindible abordar os formatos emerxentes no ámbito do xogo, tales como o xogo on line e as facilidades que isto supón de acceso non controlado e mesmo que afecta ao incremento de menores e mozos que xogan on line e acaban sufrindo patoloxías e ludopatías.

No novo texto legal tamén se pretende a regulación da publicidade no eido competencial da nosa Comunidade Autónoma coa intención de protexer aos menores e





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 13:38:45
Nº Registro: 52563
Data envío: 12/07/2019 13:38:45.087

sensibilizar a mocidade eliminando calquera posibilidade de uso de técnicas de incitación ao xogo en relación cos sectores da poboación máis vulnerables. Preténdese regular a publicidade establecendo restricións a súa recepción por parte dos menores, proporcionando unha axeitada percepción do xogo como actividade complexa e de risco potencial para os consumidores, prever a xeración de condutas de xogo irreflexivo ou compulsivo e garantir que a información que se traslada é veraz e suficiente para formarse unha idea certa e non distorsionada do que implica o xogo.

Merece unha atención preferente a publicidade sobre xogo e apostas *on line* xa que faise en calquera canal e a calquera hora todo tipo de publicidade.

Especialmente antes, durante e despois dos eventos deportivos. Os expertos sinalan que a publicidade impacta fundamentalmente nos colectivos máis vulnerables.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prohibir totalmente a publicidade do xogo on line e do xogo presencial de competencia autonómica dos establecementos de xogo da CCAA de Galicia na radio e a televisión de Galicia, independentemente do horario ou a concreta programación de que se trate”.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2019



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 13:38:45
Nº Rexistro: 52563
Data envío: 12/07/2019 13:38:45.087**

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/07/2019 13:21:34

Paula Prado Del Río na data 12/07/2019 13:22:10

Raquel Arias Rodríguez na data 12/07/2019 13:22:35

Alberto Pazos Couñago na data 12/07/2019 13:23:06

Jacobo Moreira Ferro na data 12/07/2019 13:23:22

María Isabel Novo Fariña na data 12/07/2019 13:23:38

María Julia Rodriguez Barreira na data 12/07/2019 13:23:50

José Manuel Rey Varela na data 12/07/2019 13:24:09

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 12/07/2019 13:24:42



**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com**

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 53226(10/PNC-004233)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre a demanda ao Ministerio de Xustiza en relación co aumento de recursos humanos e materiais para a Oficina Fiscal en Galicia, co obxectivo de converxer coa media recomendada polo Consello de Europa, e a creación dunha fiscalía contra a corrupción e a criminalidade organizada en Galicia

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa do seu deputado **Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A corrupción é unha das principais lacras deste país, converteuse nalgo sistémico e dificilmente modificable se non se conta cos recursos necesarios. Son os poderes públicos os que teñen que evitar que esta impregne o traballo e as institucións ca creación de fiscalías anticorrupción e o destino de recursos humanos dedicados ás mesmas.

A recente sentenza do caso Gürtel na que a Audiencia Nacional impuxo unha multa de 245.000 euros como partícipe a título lucrativo ao PP, e onde por primeira vez un partido político no goberno foi investigado e condenado por corrupción, e a detención de Zaplana (ex ministro de Traballo) acusado de branqueo e delito fiscal de 10,5 millóns de euros na trama Erial, por ocultar e repatriar as supostas comisións ilegais ocultadas en Panamá nos últimos días dan idea da dimensión que a corrupción acadou nas esferas institucionais.

Galicia non é unha excepción a esta lacra posto que os últimos datos do Consello Xeral do Poder Xudicial sinalan que a corrupción medrou ata un 30% con respecto ao ano anterior e na que casos como os seguintes Pokémon, Pikachu, Campeón, Carioca, Valga, Baltar, Patos, Conde Roa colocan a Galicia como a sétima comunidade con mais procesamentos por delitos de corrupción.

Urxe aportar máis medios para loitar contra a corrupción sistémica, que afecta





ao erario público e aos recursos do Estado e particularmente as institucións e a credibilidade que ofrecen para a cidadanía e para o resto do mundo.

Desde o ano 2016 xa se demandaba unha fiscalía anticorrupción especializada para Galicia polos casos rexistrados xa que todos estes delitos precisan investigación precisa e detallada, porque tenden a perpetuarse no tempo, independentemente da instrución (agora mesmo cun prazo máximo de 6 meses, polo que moitas causas quedan sen investigar) e do axuizamento, posto que a proba non é doada.

O Consello de Europa ten fixado estándares idóneos de medios materiais e persoais de loita contra corrupción nos poderes xudicial e fiscal, que o Estado Español incumpre, tal como revelan os informes do grupo GRECO nas súas sucesivas publicacións, polo que se fai necesario un incremento do esforzo persoal e material neste sentido.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar do Ministerio de Xustiza o aumento de recursos humanos e materiais para a Oficina Fiscal en Galicia co obxectivo de converxer coa media recomendada polo Consello de Europa.
2. Instar do Ministerio de Xustiza no marco das súas competencias a creación dunha Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada en Galicia.”





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 13:52:08
Nº Rexistro: 53226
Data envío: 01/08/2019 13:52:08.074

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Veroa
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 01/08/2019 13:24:13

Luis Villares Naveira na data 01/08/2019 13:24:26

CSX, REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 54147(10/PNC-004318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a publicación da listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa católica e o estudo das vías legais para a súa nulidade, así como para crear unha oficina de asesoramento ás entidades reclamantes e promover a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público en territorio galego

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:03:17
Nº Rexistro: 54147
Data envío: 26/08/2019 13:03:17.527

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolvía permitiron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que nos anos 80 e 90 do século pasado moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa.

No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, estímase que entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos máis de 30.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.

CSM-REXISTROX57f6op06
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:03:17
Nº Rexistro: 54147
Data envío: 26/08/2019 13:03:17.527

Diante desta situación, no ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Malia que o goberno do Estado conta desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, pasou máis de un ano e aínda non se fixeron públicas, sen que haxa ningunha razón que xustifique esta demora.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. Que faga pública listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa católica desde 1998, e que amplíe este informe cos bens inmatriculados entre 1946 e 1998, tendo en conta a posibilidade de que se rexistrasen ilegalmente templos dedicados ao culto.

2. Que estude as vías legais para demandar a anulación das inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica cando se trate de bens de dominio público ou cando se realizasen sen que existise algún documento que acreditase a propiedade.

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:03:17
Nº Rexistro: 54147
Data envío: 26/08/2019 13:03:17.527

Asemade, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a, unha vez coñecidas as inmatriculacións de bens correspondentes ao territorio galego, crear unha oficina de información e asesoramento ás entidades que reclamen estes bens e promover accións legais para a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público.”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 12:51:20

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 12:51:26

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 12:51:34

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:03:17
Nº Registro: 54147
Data envío: 26/08/2019 13:03:17.527

Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 12:51:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 12:51:49

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 12:51:56

CSV, REGISTRO XERAL
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

